



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2023/2, Ordinaria REALIZADA O xoves 30 de marzo de 2023 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Concelleiros/as:

PSdeG-PSOE

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

PABLO COUTO LOPEZ

PATRICIA BLANCO FIDALGO

Partido Popular

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

CARLOS BARBEITO REY

MARGARITA RAMILO VARELA

DAVID FERNANDEZ BALSEIRO.

Alternativa dos Veciños

SUSANA GUIMAREY GARCIA

RUBEN ANTONIO CAAMAÑO RODRIGUEZ

FRANCISCO BELLO HERMIDA

MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ

No adscrito/a

FLORINDA DUARTE GERPE

Interventora:

NOEMI GONZALEZ MATO

Secretaria:

EVA JARDÓN LÓPEZ

Técnica Administración Xeral:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

SONIA CAMPOS ARES

HORA DE INICIO: 20:30

HORA DE REMATE: 21:33

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:30 do xoves 30 de marzo de 2023, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto 158/2023 e segundo acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense en sesión 2023/2, Ordinaria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1. Parte resolutiva da sesión

1. Parte resolutiva da sesión.

1.1. Aprobación da acta 1/2023 (correspondente á sesión celebrada o 13 de febreiro de 2023).

1.2. Solicitud a Excelentísima Deputación da Coruña da subvención para a celebración da XIX Edición da Festa do Pan de Carral. Anualidade 2023.

1.3. Aprobación inicial da modificación puntual número 3 das normas subsidiarias de planeamento e ordenación detallada dun sector de solo urbanizable sito no lugar das Travesas.

2. Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

2.1. Dación de conta de decretos da Alcaldía dende o número 73/2023 ata o 157/2023 e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

2.2. Dación de conta dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados nas sesións celebradas o 16 de xaneiro, 26 de xaneiro, 9 de febreiro, 23 de febreiro e 9 de marzo de 2023.

2.3. Dación de conta do informe resumo o que se refire o artigo 37 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local no Concello de Carral, exercicio 2022.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

3. **Mocións dos grupos políticos, no seu caso.**
4. **Rogos e preguntas.**

1.- Parte resolutiva da sesión.

1.1.- Aprobación da acta 1/2023 (correspondente á sesión celebrada o 13 de febreiro de 2023).

O Alcalde pregunta aos Concelleiros se teñen algo que dicir e ningún deles ten observacións, polo que a acta enténdese APROBADA de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

1.2.- Solicitude á Excelentísima Deputación da Coruña da subvención para a celebración da XIX Edición da Festa do Pan de Carral. Anualidade 2023.

No expediente consta o seguinte Ditame da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.

“XIX FESTA DO PAN DE CARRAL. ANUALIDADE 2023

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de o día luns 27 de marzo de 2023 emitíuse o seguinte DITAME:

DON FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE, alcalde do Concello de Carral, tendo en conta que esta Administración vén celebrando dende fai anos a festa do pan de Carral co obxectivo de seguir apoiando e promovendo un produto básico como o pan e a forma artesán de elaboralo así como un oficio moi arraigado aquí, o de panadeiro/a, que supón ademais unha das principais fontes de ingresos a nivel municipal.

Tendo en conta que se pretende solicitar á Excelentísima Deputación da Coruña unha subvención nominativa co fin de que apoiem economicamente esta exaltación dun produto emblema do concello de Carral que xa vai pola súa vixésimo novena edición e así poder facer fronte aos custos derivados dela e poder continuar coa súa celebración como se estaba facendo ata agora, os servizos técnicos municipais elaboraron unha memoria que inclúe unha proposta de gastos (orçamento) que ascende a 49.997,20€.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Visto o certificado emitido pola interventora municipal o 20 de marzo de 2023 no que se recolle que “o Concello de Carral ten capacidade suficiente no orzamento 2023, aplicación orzamentaria 2023.4311.22642, para achegar ata o 20% do orzamento de execución por contrata, ata un importe máximo de 9.999,44€”, que sería o importe a achegar por este Concello unha vez concedida a subvencións, así como a emisión do correspondente documento de retención de crédito da mesma data.

Por todo isto, e tendo en conta que a intención é a de solicitar o 80% do orzamento total á Deputación da Coruña a través dunha subvención nominativa, é polo que **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes acordos:

1.- Solicitar á Excelentísima Deputación Provincial unha subvención nominativa por importe de 39.997,76€ para a celebración da que sería a XIX Festa do Pan de Carral, o que supón o 80% do orzamento total que sería de 49.997,20€.

2.- Aprobar a memoria na que se deixa constancia do interese público provincial e o orzamento que acompaña a mesma, o cal cubrirá os gastos necesarios para a súa realización, así como o calendario da realización da actividade.

3.- Designar ao sr. alcalde, don Francisco Javier Gestal Pose (76339994G) para a sinatura do convenio.

4.- Declarar:

- Que este Concello non solicitou nin obtivo ningunha outra subvención para a mesma finalidade.
- Que este Concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.
- Que este Concello está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social, autorizando á Excelentísima Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados das administracións tributarias



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos.

- Que este Concello declara coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos facilitados serán tratados pola Deputación coa finalidade de tramitar o procedemento de subvención. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o cumprimento dunha misión de interese público. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. A Deputación conservará estes datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal
- Que este Concello con data do 11 de outubro de 2022 (número de rexistro 2022-E-RC-1900) remitiu a través da plataforma telemática do Consello de Contas de Galicia e do Tribunal de Contas a conta Xeral do Concello, do exercicio 2021, aprobada na sesión plenaria ordinaria do 29 de setembro de 2022.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose” .

O Sr. Alcalde lee a proposta á Corporación e concédelle a palabra á Sra. Duarte.

Manifesta a Sra. Duarte que está completamente de acordo con este punto e non ten nada que dicir.

Dálle a palabra, o Sr. Alcalde, á Sra. Blanco e ésta indica que está de acordo co punto.

Concede a palabra, o Sr. Alcalde, ao Sr. Fernández Mouriño, e manifesta o Sr. Fernández Mouriño estar de acordo con esta solicitude.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Non habendo máis debate procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 13

- 3 PSdeG-PSOE
- 4 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

1.3.- Aprobación inicial da modificación puntual número 3 das normas subsidiarias de planeamento e ordenación detallada dun sector de solo urbanizable sito no lugar das Travesas.

No expediente consta o seguinte Ditame da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.

“Modificaciones PXOM

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de o día luns 27 de marzo de 2023 emitiuse o seguinte DITAME:

ASUNTO: Aprobación inicial da modificación puntual nº 3 das normas subsidiarias de planeamento e ordenación detallada dun sector de solo urbanizable sito no lugar das Travesas.

Tendo en conta que con data do 30 de decembro de 2022 (número de rexistro 2022999900000929) se recibiu por parte de Urben SL o documento da Modificación puntual nº 3 das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Carral e ordenación detallada dun sector de solo urbanizable sito no lugar das Travesas para a súa aprobación inicial por parte do órgano competente e a continuación da súa tramitación ata a aprobación definitiva do mesmo de acordo co disposto no artigo 144 do RLSG. Visto que se presentou posteriormente, a requirimento do Concello, con data do vinte e un de marzo de dous mil vinte e tres (número de rexistro 202399900000212), documentación que faltaba substituindo así a primeira documentación presentada.

Emitido por parte dos servizos técnicos municipais informe favorable sobre esta modificación que é asinado dixitalmente o vinte e dous de marzo de dous mil vinte e tres por don Félix Quijano Yáñez co seguinte contido:


- **“EXPEDIENTE 2023/U032/000003 INFORME TÉCNICO**

ASUNTO:

Solicitud de Aprobación Inicial do documento “Modificación Puntual Nº 3 de las NN.SS. do Concello de Carral (A Coruña) e Ordenación Detallada dun Sector de Solo Urbanizable situado no lugar de As Travesas”, interesada por ROBERTO LÓPEZ LOSADA, en representación de URBEN CONSULTORES SL.; segundo escrito do 21/03/2023 con rexistro de entrada número 202399900000212.

INFÓRMASE:

FINALIDADE E ALCANCE DO INFORME.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Este informe redáctase para dar cumprimento ao artigo 60 da LSG e 144 do RLSG, e dar conta ao Pleno do Concello da “Modificación Puntual Nº 3 de las NN.SS. do Concello de Carral (A Coruña) e Ordenación Detallada dun Sector de Solo Urbanizable situado no lugar de As Travesas ”

NORMATIVA DE INCIDENCIA.

- *LOT. Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.*
- *DOT. Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.*
- *TRLSRU. Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.*
- *LSG. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.*
- *RLSG. Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.*
- *NSMP. Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Carral (BOP. 26.04.1994), redactadas ao abeiro do Real Decreto Lexislativo 1/1992, do 26 de Xuño, Texto Refundido da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana, e da Lei 11/1985, do 22 de Agosto, da Comunidade Autónoma Galega sobre a adaptación da do Solo a Galicia. Consta na Oficina Municipal exemplar facilitado pola Secretaría Municipal con dilixencia de aprobación de data 26.01.1994.*
- *PBA. Decreto 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia*
- *NNTTPP. Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, modificada pola Orde do 8 de abril de 2022.*
- *DOT. Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.*
- *Decreto 238/2020, de 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da paisaxe de Galicia.*
- *Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico Español*
- *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*
- *Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia*
- *Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas.*
- *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ANTECEDENTES.

O 20/02/2019, Valentín Vázquez González, en nome e representación das sociedades mercantís “HORMIGONES CARRAL, S.L.” e “BOMBEOS Y TRANSPORTES CARRAL, S.L.U.”; solicita ao Concello o inicio do trámite de Avaliación Ambiental Estratéxica dunha modificación puntual de planeamento en As Travesas, achegando un borrador da dita Modificación puntual e un documento ambiental estratéxico.

O 12/04/2019 o órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos, a través da súa sede electrónica e por un prazo de dous meses. Ao mesmo tempo consultouse á Subdirección Xeral de Urbanismo e a outras administracións públicas afectadas. Durante o período de consultas previas realizadas no procedemento ambiental, de recibíronse as respostas dos seguintes organismos.

- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
- Instituto de Estudos do Territorio.
- Axencia Galega de Infraestruturas
- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Dirección Xeral de Mobilidade.
- Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

O 26/06/2019, asinouse a RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE CARRAL E ORDENACIÓN DETALLADA DUN SECTOR DE SOLO URBANIZABLE SITUADO NO LUGAR DAS TRAVESAS, co CVE: XVRmuzctD9, no que se indica que se resolve “(...) **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria** a Modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento do concello de Carral e ordenación detallada dun sector de solo urbanizable situado no lugar das Travesas. Porén, para mellorar a integración ambiental da proposta, na formulación da dita Modificación puntual integráranse as determinacións recollidas na proposta transcrita.”

O 11/07/2019, publicouse no DOG o ANUNCIO do 26 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai público o informe ambiental estratéxico da modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento e ordenación detallada dun Sector de Solo Urbanizable situado no lugar de As Travesas detallada dun sector de solo urbanizable situado no lugar das Travesas, no concello de Carral (expediente 2019AAE2323; código 2196/2019).

O 10/02/2022 asinouse entre o Concello de Carral e as mercantís “Hormigones Carral, S.L” e “Cementos Carral, S.L.U,” o **“CONVENIO URBANÍSTICO PARA LA MODIFICACIÓN PUNTUAL DE LAS**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMIENTO DEL AYUNTAMIENTO DE CARRAL EN ORDEN A CONFIGURAR UN SUELO URBANIZABLE CON ORDENACIÓN DETALLADA EN AS TRAVESAS. No convenio sinálase como obriga de "Hormigones Carral, S.L" e "Cementos Carral, S.L.U," satisfacer non só os custos de elaboración do documento senón todos aqueles custos que directa ou indirectamente represente para o Concello de Carral a tramitación do documento desde a súa presentación ata a súa aprobación definitiva, publicación e entrada en vigor; supeditando o desenvolvemento de posteriores fases á previa firma do correspondente convenio de execución.

Consta no expediente o documento da FASE de APROBACIÓN INICIAL da "Modificación Puntual Nº 3 das NN.SS. do Concello de Carral (A Coruña) e Ordenación Detallada dun Sector de Solo Urbanizable situado no lugar de As Travesas", achegada mediante enlace en soporte dixital non editable (PDF) e editable, en carpetas comprimidas coas pegadas dixitais C177BA421D1847679C955CF956C41D483D0E70FFC97ABFA3EB187069B64A4F95h (a non editable PDF) e AAE2654E4B173138C712A230A88121D9250EF1314697162ED9C490B1433E6DBBh (a editable), xunto coa declaración responsable da coincidencia de ambos.

Consideracións técnicas.


Análise do contido da documentación.

O artigo 200.5 do RLSG, establece que a modificación de calquera dos elementos do plan suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación; resultando o contido do mesmo fixado pola aplicación dos criterios legalmente establecidos de proporcionalidade e sinxeleza (artigo 83 do RLSG) ás disposicións normativas que regulan o contido do documento de plan que se modifica.

A documentación presentada para a modificación do planeamento, componse dos seguintes documentos:

MODIFICACIÓN PUNTUAL

- | | |
|---------|---|
| 01.MX | MEMORIA JUSTIFICATIVA |
| 02.EMR | ESTUDIO DEL MEDIO RURAL |
| 03.AMAP | ANALISIS DEL MODELO DE ASENTAMIENTO POBLACIONAL |
| 04.MOB | ANALISIS DE MOVILIDAD |
| 05.PINF | PLANOS DE INFORMACIÓN |
| 06.PORD | PLANOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA |
| 07.NU | NORMAS URBANÍSTICAS |
| 08.CAT | CATÁLOGO |
| 09.EE | ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN Y ESTUDIO ECONÓMICO |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

10.AAE EVALUACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

11.ORDET ORDENACIÓN DETALLADA

Ao amparo do establecido no artigo 83 do RLSG, no que se establece que o contido dos instrumentos do plan deberá desenvolverse conforme os principios de máxima sinxeleza, lexibilidade e proporcionalidade en relación coas características do ámbito, a modificación puntual non desenvolve os documentos correspondente a Estudo do medio rural e Análise do modelo de asentamento poboacional, tendo en conta que polo contido e alcance da mesma non procede a súa inclusión; en tanto que os documentos de Análise de mobilidade, e Estrategia de actuación, Estudio económico, Informe de sostenibilidad económica y Memoria de viabilidad económica, desenvólvense dentro da Ordenación Detallada.

Os artigos 126.2 e 221.3 do RLSG; contempla expresamente a posibilidade de que os plans xerais ordenen pormenorizadamente Sectores, co mesmo contido e determinacións esixibles a un plan parcial, de maneira que poidan executarse directamente sen necesidade de plan de desenvolvemento, polo tanto o documento 11 no que se establece a ordenación pormenorizada, contén os seguintes documentos:

ORDENACIÓN DETALLADA

ORDET_01.MX MEMORIA JUSTIFICATIVA

ORDET_02.PINF PLANOS DE INFORMACIÓN

ORDET_03.PORD PLANOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA

ORDET_04.NU NORMAS URBANÍSTICAS

ORDET_05.CAT CATÁLOGO

ORDET_06.EE ESTUDIO ECONÓMICO Y MEMORIA DE VIABILIDAD ECONÓMICA

ORDET_07.AAE EVALUACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

ORDET_08.JCDIP JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DE LAS DETERMINACIONES
DE LOS PLANES DE INICIATIVA PARTICULAR

Ao amparo do establecido no artigo 83 do RLSG, no que se establece que o contido dos instrumentos do plan deberá desenvolverse conforme os principios de máxima sinxeleza, lexibilidade e proporcionalidade en relación coas características do ámbito, a ordenación pormenorizada non desenvolve os documentos correspondente a Catálogo, e Evaluación Ambiental Estratégica, tendo en conta que xa se inclúen dentro dos documentos da modificación puntual.

Dáse cumprimento polo tanto aos artigos 131 a 143 do RLSG para a documentación da modificación puntual, e aos artigos 170 a 176 do RLSG para a documentación da ordenación pormenorizada.

Razóns de interese público



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A xustificación do interese público da actuación, basease en factores económicos, demográficos, culturais e medioambientais. A previsión de novo solo urbanizable axeitado para permitir o crecemento da actividade económica e suficiente para usos produtivos que se acrediten como necesarios, pode considerarse como razón de interese público suficiente para xustificar a modificación. (artigos 27 da LSG e 20.1.b) do TRLSRU)

Obxectivos de planeamento e criterios de ordenación da Modificación Puntual.

A área carece de núcleos urbanos consolidados e está dominada por infraestruturas de transporte e servizos, como unha estrada autonómica, unha subestación eléctrica e liñas de alta tensión. Non se identifican características naturais ou paisaxísticas especialmente valiosas nesta zona.

Entre os elementos que merecen unha especial atención identifícanse: **o Castro de As Travesas**, cuxo contorna de protección afecta a parte Norte do Sector; **o camiño inglés de Santiago**, que discorre pola estrada AC-542; e **a vía de As Travesas**, un antigo camiño asociado ao Castro de As Travesas, ao leste do Sector (que se ; **o ENIL do río Abelleira** que se localiza sobre o Castro de As Travesas; **as liñas de alta tensión** que atravesan o Sector, as cales, sen ser un auténtico límite físico, si actúan como un límite virtual en canto ás afeccións Sectoriais que xera e ás limitacións relativas a usos; e **a vexetación autóctona existente ao Sur do Sector**, que se deberá preservar como pantalla visual fronte ao espazo lindeiro, para garantir a integración paisaxística da actuación

Un dos aspectos considerados como **criterio básico da ordenación detallada, é o reformulo do acceso á actuación desde a AC-542**, co obxectivo de mellorar as condicións de funcionalidade e seguridade viaria existentes na actualidade. Dita infraestrutura, conformará o sistema xeral viario tanto existente como adscrito, **na que se integrará a nova proposta de camiño de Santiago**, adaptada aos criterios establecidos na Guía de boas prácticas para a actuación nos Camiños de Santiago.

O outro criterio é a **necesidade de integrar e poñer en valor os elementos citados relativos a patrimonio cultural, natural e especies vexetais ordenando globalmente o desenvolvemento das futuras actividades previstas**, de forma que se resolvan as súas necesidades funcionais e operativas básicas, pero tamén a súa relación co territorio no que se localizan

Características da modificación puntual.

A ordenación resultante de Modificación Puntual incorpora unha nova Área de Reparto ás NSMP do Concello de Carral vixentes, formada por un Sector coa clasificación de solo urbanizable, así como dous sistemas xerais adscritos, coa clasificación de solo rústico.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Ademais, a Modificación Puntual tamén afecta a aqueles terreos necesarios para garantir a conexión cos sistemas xerais existentes, todos eles clasificados como solo rústico nas NSMP., aos que se cualifica coa categoría de Solo Rústico correspondente de entre as recollidas na LSG, en función das afeccións que concorren sobre eles.

| | |
|---|---------------------------------|
| Sector Suelo Urbanizable | 92.449,81 m ² |
| Sistemas generales adscritos (Suelo Rústico) | 6.047,91 m ² |
| Área de reparto | 98.497,72 m ² |
| Conexión con sistemas generales (Suelo Rústico) | 6.486,70 m ² |
| Ámbito de la Modificación Puntual | 104.984,42 m² |

Polo que respecta aos sistemas xerais incluídos, correspóndense cunha parcela destinada a espazos libres e zonas verdes, outra destinada a equipamentos e os terreos destinados a infraestruturas de comunicación conforme ao establecido no artigo 23.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que os terreos comprendidos, dentro do Sector, entre a liña exterior de dominio público e a liña límite de edificación da estrada AC-542, deben considerarse como sistema xeral de infraestruturas de comunicación (SG-IC1).

Ademais, e tamén en relación coa AC-542 adscribíense ao Sector, coa consideración de sistema xeral de infraestruturas de comunicación (SG-IC2), os terreos de titularidade privada situados fóra do Sector e a ambos os dous lados da estrada, necesarios para:

- Na zona norte (SG-IC2-1), para garantir a accesibilidade ao viario de titularidade municipal que conduce ao castro de As Travesas, e permitir o acceso á vía de servizo proxectada nesa marxe da estrada.
- Na zona sur (SG-IC2-2), adscribíense os terreos necesarios para garantir a ampliación a sección da estrada motivada pola inclusión dun carril central de espera para facilitar os movementos que orixina a vía de acceso ao castro de As Travesas, e ademais, dáse continuidade á senda pola que discorre o camiño de Santiago, prolongándoa ata o núcleo rural de As Travesas.

Os terreos de dominio público formados pola propia estrada quedan excluídos tanto do Sector -motivo polo cal este é descontinuo-, como da área de repartición, e clasifícanse como solo rústico de protección de infraestruturas coa consideración de sistema xeral de infraestruturas de comunicación, ao cal se lle asigna a condición de conexión cos sistemas xerais existentes para os efectos do establecido no artigo 128 do RLSG 2016.

Tamén se adscribe ao Sector un segundo sistema xeral, neste caso de infraestruturas de servizos (SG-IS), para facilitar o paso do colector de augas depuradas ata a súa vertedura ao rego dous Outeiros, ao Sur do Sector.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Polo tanto, os parámetros resultantes de la delimitación del Área de Reparto operada son:

| | | | |
|--|----------------------------------|----------|-------------------------------------|
| Superficie Sector Suelo Urbanizable SUB "As Travesas" | | | 92.449,81 m ² |
| Sistemas Generales incluidos | Infraestructuras de comunicación | SG-IC1-1 | 4.246,94 m ² |
| | | SG-IC1-2 | 3.161,58 m ² |
| | Zonas Verdes | SG-EL | 267,63 m ² |
| | Equipamientos | SG-EQ | 289,79 m ² |
| Sistemas Generales adscritos | Infraestructuras de comunicación | SG-IC2-1 | 1.584,07 m ² |
| | | SG-IC2-2 | 4.169,55 m ² |
| | Infraestructuras de servicios | SG-IS | 294,29 m ² |
| Superficie Área de Reparto | | | 98.497,72 m ² |
| Superficie de terrenos afectos a dotaciones públicas no obtenidos por expropiación anticipada en ejecución del plan y ya existentes cuya superficie se mantiene en las dotaciones previstas por la modificación (superficie pública existente) | | | 0 m ² |
| Índice edificabilidad | | | 0,30 m ² /m ² |
| Edificabilidad lucrativa total | | | 27.734,94 m ² |

A ficha resume da modificación puntual é a seguinte:

SUELO URBANIZABLE INDUSTRIAL SUB AS TRAVESAS

FIGURA DE PLANEAMIENTO

ORDENACIÓN DETALLADA INCORPORADA A MODIFICACIÓN PUNTUAL NNSS

SUPERFICIES

| | |
|---|--------------------------|
| SUPERFICIE BRUTA SECTOR | 92.449,81 m ² |
| DOTACIONES PUBLICAS EXISTENTES (SE MANTIENEN) | 0 m ² |
| SUPERFICIE NETA SECTOR | 92.449,81 m ² |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

| USOS GLOBALES | |
|---------------|--------------------------|
| INDUSTRIAL | CARACTERÍSTICO |
| TERCIARIO | COMPATIBLE (20 % máximo) |
| RESIDENCIAL | COMPATIBLE (2 % máximo) |

| APROVECHAMIENTOS | |
|------------------------------|-------------------------------------|
| COEFICIENTE EDIFICABILIDAD | 0,30 m ² /m ² |
| SUPERFICIE EDIFICABLE MÁXIMA | 27.734,94 m ² |

| GESTIÓN | |
|---|--------------------------|
| SUPERFICIE SISTEMAS GENERALES ADSCRITOS | 6.047,91 m ² |
| SUPERFICIE ÁREA DE REPARTO | 98.497,72 m ² |
| SISTEMA ACTUACIÓN | COMPENSACIÓN |
| INICIATIVA DE PLANEAMIENTO | PRIVADA |

| DOTACIONES PÚBLICAS | | | |
|--------------------------------|-------------------------|----------|--|
| SISTEMA | GENERAL | | LOCAL |
| ESPACIOS LIBRES Y ZONAS VERDES | 267,63 m ² | Incluído | A concretar en la ordenación detallada |
| EQUIPAMIENTOS | 289,79 m ² | Incluído | A concretar en la ordenación detallada |
| INFRAESTRUCT. DE COMUNICACIÓN | 7.408,52 m ² | Incluído | A concretar en la ordenación detallada |
| | 5.753,62 m ² | Adscrito | |
| INFRAESTRUCTURAS DE SERVICIOS | 294,29 m ² | Adscrito | A concretar en la ordenación detallada |
| APARCAMIENTOS | - | - | A concretar en la ordenación detallada |
| ARBOLADO | - | - | A concretar en la ordenación |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

| | | | |
|--|--|--|-----------|
| | | | detallada |
|--|--|--|-----------|

OBSERVACIONES

El sistema de actuación fijado es el de compensación, si bien, en el supuesto de que se cumplan todos los requisitos contenidos en el artículo 296.1 Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, la actuación se desarrollará por el sistema de concierto.

Se establecen tres usos globales, industrial, que es el característico, y el terciario y residencial, que son compatibles, con unos porcentajes del 20 % y 2 % respectivamente.

La ordenación detallada integrará las líneas eléctricas incluidas en el Sector respetando en todo caso las afecciones derivadas de las mismas.

Los accesos al Sector desde la AC-542 se resolverán tomando como referencia básica lo establecido al respecto en la Orden Circular 2/2017 por la que se regulan los accesos en la red autonómica de carreteras de Galicia.

La ordenación detallada deberá garantizar la efectiva protección de los bienes del patrimonio cultural identificados (Castro de As Travesas, Camino de Santiago Inglés y Vía de As Travesas), para lo cual, se adoptarán las medidas recogidas en el trabajo realizado al efecto por la empresa Malde Arqueoloxía S.L.N.E titulado “Incidencia sobre los bienes culturales en la Modificación Puntual nº 3 de las Normas Subsidiarias de Planeamiento del ayuntamiento de Carral y ordenación detallada de un Sector de suelo urbanizable situado en el lugar de As Travesas”, recogido como Anexo en el Catálogo de la Modificación Puntual (carpeta 08. CAT).

El acondicionamiento del tramo del Camino de Santiago Inglés se hará tomando como referencia las recomendaciones de la Guía de buenas prácticas para la actuación en los Caminos de Santiago.

El sistema local de zonas verdes se localizará preferentemente al borde del camino de Santiago y como espacios de transición entre el suelo de uso industrial/terciario y el entorno más próximo no transformado.

La saucedada existente al Sur del Sector se integrará en el sistema local de zonas verdes.

El sistema local de equipamientos se localizará al borde del camino de Santiago, en contacto con el sistema general del mismo uso, y su asignación de usos pormenorizados tendrá una relación directa con el mismo.

La reserva para arbolado se situará preferentemente formando pantallas visuales con respecto al camino



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

de Santia-go y al Castro de As Travesas.

El abastecimiento se resolverá mediante una captación propia, dentro del Sector, con su correspondiente sistema de tratamento y depósito asociados.

El Sector contará con un sistema de depuración propio, con red separativa, complementado con sistemas de drenaje urbano sostenibles.

Todas las infraestructuras de abastecimiento y saneamiento deberán adecuarse a lo establecido en las Instrucciones Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia y contarán con la autorización de Aguas de Galicia.

Criterios de zonificación e trazado da ordenación pormenorizada SUB AS TRAVESAS

A estrada autonómica AC-542 en posición central e de xeito transversal con respecto ao Sector para ordenar, condiciona de inicio calquera decisión relativa á ordenación, e configura por si mesma o Sector en dous partes diferenciadas, unha situada ao noroeste e outra ao sueste da referida estrada, vinculadas polo espazo central que ocupa a propia estrada e o solo de cesión que, como sistema xeral, no interior do Sector, esténdese ata a liña límite de edificación.


Os requisitos xunto coa proposta de resolución de cadanseu, son os seguintes:

- **RESOLVER A TRANSICIÓN E CONEXIÓN DAS PARCELAS PRIVADAS DESTINADAS A ACTIVIDADES INDUSTRIAIS/TERCIARIAS COA ESTRADA AC-542.** Proponse resolver a conexión rodada das parcelas proxectadas coa estrada mediante o proxecto de senllas vías de servizo paralelas á mesma e separadas desta por un elemento vexetal que axude a suavizar, mediante o seu fraccionamento, a percepción unitaria da plataforma da estrada.

Os espazos existentes entre as vías de servizo e as parcelas proxectadas trátanse como senllas vías verdes que integran os itinerarios peonís previstos no novo desenvolvemento urbanístico.

A referida solución de transición entre as parcelas proxectadas e o espazo público prólongase fóra do Sector coincidindo cos sistemas xerais de infraestructuras de comunicación adscritos definidos no documento de Modificación Puntual, pero facéndoo dunha forma máis contida e limitándose a darlle continuidade á solución de senda peonil no marxe sueste, prolongándoa ata o núcleo rural de As Travesas, e á solución de vía de servizo e senda peonil no marxe nordés.

- **RESOLVER A TRANSICIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL COA CONTORNA RURAL LINDEIRA.** Proponse unha xeometría curva de acceso tanto á intervención como, de forma sinuosa, ao castro. Xorde dun círculo tanxente interior a unha das murallas oeste por onde se suxire o seu novo acceso.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Á súa vez, ten o seu centro no punto onde converxe unha das liñas eléctricas que atravesan o castro e a prolongación dunha das vías que dá acceso ás leiras de explotación agropecuaria perpendicular á estrada, coincidente, ademais, coa muralla máis pronunciada do castro.

Sobre a devandita circunferencia, a entrada ao aparcamento arrinca desde a estrada AC-542 coincidente coa liña eléctrica que atravesa o castro. O arco do aparcamento sofre discontinuidades na súa materialización respectando a mesma pegada que deixa ao pasar as liñas eléctricas aéreas sobre o territorio. Resaltando esa discontinuidade e xerando un ritmo sobre o arco, propóñense dúas novas vías perpendiculares ao devandito arco que dan acceso a novas prazas de aparcamento.


Con respecto ao límite oeste do polígono, para garantir a transición co solo rústico, establécense medidas que regulan as partes traseiras das parcelas edificables, tendo como referencia a antiga rede de camiños antigos inmediatos.

Na área sur e sueste prevese unha importante zona verde, coa intención, entre outras cuestións, de conservar o arboredo autóctono, propoñéndose a ampliación da masa arbórea existente con novos exemplares garantindo tamén a transición coa área industrial. Proponse unha entrada de acceso, tanto aos futuros equipamentos, pasando polo humidal de depuradora de augas residuais, como ao resto das zonas verdes por medio dunha senda que percorre de forma orgánica, adaptándose á propia topografía (con pequenos axustes para manter en todo momento a pendente mínima de accesibilidade) pola zona perimetral da intervención, sendo a entrada tamén ás diferentes parcelas privadas. Pegada á zona industrial créase unha baixada regular cunha pendente do 8%. Ademais da masa arborada que se dispón, toda a zona verde xorde de sanear a vexetación esporádica autóctona que nace de forma natural.

- **RESOLVER AS CUESTIÓNS DE MOBILIDADE E FUNCIONALIDADE VIARIA.** *Prevese dúas vías de servizo unidireccionais, unha a cada lado da estrada cuxa traza se reaxusta ao prever un carril central de espera que viabilice, por unha banda, o xiro á esquerda cara ao viario local que leva ao Castro de As Travesas e ao núcleo de Canedo e por outra, o xiro á esquerda desde este viario municipal para incorporarse á citada estrada.*

A vía de servizo proxectada no marxe noroeste prolóngase ata a fronte da subestación de REE, ao obxecto de reordenar tanto o acceso máis próximo ao sector desde a devandita subestación á estrada como a conexión do viario municipal ao Castro de As Travesas e ao núcleo de Canedo.

A mobilidade peonil garántese como xa se explicou anteriormente co proxecto de dous itinerarios peonís de 2 e 3 metros respectivamente de sección, integrados nas correspondentes vías verdes proxectadas anexas ás referidas vías de servizo. A senda verde situada no marxe sueste, no seu desenvolvemento no sistema xeral



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

adscrito, transfórmase integramente nun itinerario peonil que puntualmente ten condición de itinerario mixto permitindo o acceso aos propietarios das parcelas exteriores á actuación con fronte ao mesmo desde o acceso rodado máis próximo da vía de servizo. Esta mesma condición puntual de itinerario mixto tena ese mesmo itinerario integrado na vía verde no interior do Sector, facilitando desta maneira o acceso rodado a nivel de mantemento á estación depuradora prevista anexa á zona verde pública e ás parcelas lindeiras co Sector e exteriores a leste, ás cales agora se accederá a través da correspondente senda prevista na referida zona verde, en substitución do camiño de servidume existente na actualidade.

- **Integrar e poñer en valor os elementos relativos a Patrimonio Cultural afectados directa ou indirectamente pola actuación.** Neste caso integrouse a traza do Camiño de Santiago Inglés na vía verde situada ao sueste da actual estrada, buscando garantir a conexión e continuidade da traza do mesmo no perímetro da actuación, sen necesidade de ter que cruzar ningunha infraestrutura de comunicación viaria.

Neste sentido no Sector proxéctase unha senda peonil de 3 metros de sección integrada en posición central na referida vía verde de 9 metros de sección, co que se busca, na medida do posible, illar dita senda peonil da repercusión directa da estrada e vía de servizo proxectada, así como das parcelas previstas. O tratamento do pavimento exporase de forma continua, mesmo no espazo no que coincide cos accesos de tráfico rodado ás parcelas, buscando salientar a presenza da devandita senda como traza do Camiño.

O tratamento vexetal perimetral ordenarase mediante a disposición de especies arbóreas autóctonas complementadas coa plantación de especies arbustivas de baixo porte cunha disposición orgánica que evitará en todo caso que estas últimas cren unha barreira física de desenvolvemento puramente lonxitudinal. No solo adscrito a traza do Camiño materializada na citada senda aumenta de sección ata os 4,0 metros, formada por unha zona axardinada de sección variable entre 1,0-2,20 m e un camiño de 3,0 m.

A traza do Camiño materializada na referida senda peonil complementarase coa localización no bordo do Sector no seu límite cos Concellos de Ordes e Mesía dunha parcela de equipamento orientada á potencial materialización dunha área de descanso vinculada ao Camiño ou a calquera outro uso vinculado a el.

Outro dos elementos que, aínda non estando afectado directamente pola actuación, si se entende afectado indirectamente pola mesma é o Castro de As Travesas, situado ao nordés do Sector e exterior ao mesmo. A consideración deste elemento na actuación realizouse mediante o proxecto da dotación do aparcamento público da actuación urbanística nunha localización que posibilite a súa posta ao servizo do propio Castro, comunicando devandito aparcamento co referido Castro mediante a prolongación da senda peonil integrada na vía verde prevista no marxe noroeste da estrada. Aparcamento no que ademais de localizar o estándar de prazas esixido pola LSG 2016 complementarase cunha ampla zona vexetada que actuará como barreira



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

verde que filtre a percepción desde o Castro da zona industrial e á vez do propio aparcamento, considerando para iso a plantación de especies arbóreas e arbustivas autóctonas na medida que o posibilite a afección das liñas de alta tensión próximas.

Polo que respecta á Vía de As Travesas, a súa afección sobre o ámbito de actuación, concretamente sobre o sistema xeral de infraestruturas de comunicación adscrito, superponse á indicada sobre o Camiño de Santiago, polo que a integración deste elemento queda xustificada coas medidas descritas para o camiño. Para unha correcta identificación deste elemento, no seu contacto co Camiño de Santiago adoptaranse as medidas necesarias para que sexa recoñecible, mediante unha diferenciación no tipo de pavimento do camiño e a súa adecuada sinalización.

• **IMPLEMENTACIÓN DE SOLUCIÓNS DE DRENAXE SOSTIBLE.** Tomando como punto de partida a inexistencia no ámbito de actuación ou nas súas proximidades de sistemas públicos de saneamento e xestión de augas residuais e pluviais, enténdese que o proxecto e posterior execución dos devanditos sistemas hase de realizar considerando sistemas alternativos aos tradicionais e en todo caso complementarios aos mesmos que permitan desenvolver solucións no seu conxunto sostibles en canto ao tratamento e xestión das augas residuais e pluviais

Características da ordenación pormenorizada SUELO URBANIZABLE INDUSTRIAL SUB AS TRAVESAS

RESERVA DE SISTEMAS LOCAIS.

As reservas para sistemas locais realizadas son

| Dotación | | Superficie |
|--------------------------------|-------|--------------------------|
| Zonas verdes y espacios libres | SL-EL | 14.650,60 m ² |
| Equipamientos | SL-EQ | 691,46 m ² |

Independentemente de que os usos residencial e hostaleiro representan unha pequena porcentaxe sobre o total, aínda no caso máis desfavorable de considerar un 10 % da superficie do ámbito para zonas verdes, o Plan Parcial supera este estándar, xa que se reserva unha superficie de 14.650,60 m², o que representa un 15,85 %.

En canto ao equipamento; asígnaselle o uso de dotacional múltiple, que deberá ter unha vinculación directa co Camiño de Santiago. A superficie de equipamento mínimo a considerar sería de 10 m² por cada 100 edificables dos devanditos usos (3.882,19 m²), do que resultaría un mínimo de 388,22 m², realizándose na presente ordenación detallada unha reserva para sistema local de equipamento de 691,46 m², en todo caso superior á esixida.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A reserva de arboredo localizarase nas zonas verdes, itinerarios peonís e zonas de aparcamento, públicos, procurando a conservación das árbores existentes que merezan a súa conservación, en concreto a saucedas existente ao Sueste do Sector. En total, e de acordo con as previsións neste sentido, o número total de árbores a implantar será de 139, o que representa un estándar de 0,5 árbores/100 m² edificables.

Polo que respecta ás prazas de aparcamento, e atendendo á superficie máxima edificable que é de 27.734,94 m², serían necesarias un total de 277, das que, como mínimo a cuarta parte debe ser de dominio público, se reserva unha parcela de 5.940,34 m² (SL-IC) que formando parte do sistema local viario destinarase a aparcamento público, na que se localizan un total de 70 prazas, cumprindo o estándar establecido.

O resto das prazas (207) localizaranse nas parcelas privadas, na proporción mínima de 0,75 prazas por cada 100 m² edificables

APROVEITAMENTO LUCRATIVO

O aproveitamento lucrativo total ascende a 27.734,94 m²e, resultado de aplicar o índice de edificabilidade 0,30 m²e/m²s sobre a superficie privada total do Sector 92.449,81 m².

Aos propietarios dos terreos lles corresponderá o 90% do aproveitamento, tal e como sinalan os artigos 29 da LSG e 43 do RLSG, xa que será un deber dos propietarios do solo urbanizable “Ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao Concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento tipo da área de reparto. La Administración no terá que contribuír ás cargas de urbanización correspondentes de eses terreos, que haberán de ser asumidas polos propietarios [artigo 29.d) de la LSG]. “

No artigo 6 do documento 11.ORDENACIÓN DETALLADA: 04. NORMATIVA URBANÍSTICA se sinala “El deber de cesión podrá cumplirse, en el caso de conformidad del correspondiente ayuntamiento, a través de un convenio mediante la sustitución de la entrega de suelo por su valor en metálico, que deberá integrarse en el patrimonio público del suelo (art. 400.2 RLSG).

La asignación de la edificabilidad, así como, en su caso, el potencial acuerdo de sustitución, se establecerá en el correspondiente instrumento de equidistribución”

CUALIFICACIÓN DOS TERREOS.

En base á ordenación detallada establecida, no Sector se distinguen as seguintes normas zonais:

- O-1. Industrial
- O-1.1
- O-1.2
- O.2. Terciario
- O-2.1



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- O-2.2
- O3. Equipamentos
- O4. Espacios libres y zonas verdes
- O5. Infraestructuras de comunicación
- O6. Infraestructuras de servicios

DELIMITACIÓN DE POLÍGONOS.

En este caso se delimita un único polígono que coincide por lo tanto con el ámbito del Sector.

SISTEMA DE ACTUACIÓN.

O sistema de actuación será o **sistema de compensación**, aínda que, no caso de que se cumpran todos os requisitos contidos no artigo 296.1 RLSG, a actuación desenvolverase polo sistema de concerto.

FICHA RESUMO

FICHA RESUMEN ORDENACIÓN DETALLADA SUB AS TRAVESAS

| SECTOR | | | | | | | |
|----------------|--------------------|----------------------------------|-------------------------------|--------------------------|--------------------------|-----------------------|------|
| USO INDUSTRIAL | | IND1 | Pv | 18.488,11 m ² | 20,0% | | |
| | | IND2 | Pv | 37.434,29 m ² | 40,5% | | |
| | | Suma | | 55.922,40 m ² | | 60,5% | |
| USO TERCIARIO | | TER | Pv | 5.230,15 m ² | 5,7% | | |
| USO DOTACIONAL | SISTEMAS GENERALES | Zonas Verdes y Equipamientos | SG-EL | Pb | 267,63 m ² | 0,3% | |
| | | Equipamientos | SG-EQ | Pb | 289,79 m ² | 0,3% | |
| | | Infraestructuras de comunicación | SG-IC1-1 | Pb | 4.246,94 m ² | 4,6% | |
| | | | SG-IC1-2 | Pb | 3.161,58 m ² | 3,4% | |
| | | | Suma | | 7.408,52 m ² | | 8,0% |
| | SISTEMAS LOCALES | Zonas verdes y Equipamientos | SL-EL | Pb | 14.650,60 m ² | 15,9% | |
| | | Equipamientos | SL-EQ | Pb | 691,46 m ² | 0,8% | |
| | | Infraestructuras de comunicación | SL-IC | Pb | 5.940,34 m ² | 6,4% | |
| | | | Infraestructuras de servicios | SL-IS1 | Pb | 250,00 m ² | 0,3% |
| | | SL-IS2 | | Pb | 1.511,43 m ² | 1,6% | |
| | | SL-IS3 | | Pb | 227,98 m ² | 0,3 % | |
| | | Suma | | 1.989,41 m ² | | 2,2% | |
| | | | Dpv-IS1 | Pv | 43,49 m ² | 0,05% | |
| | | | Dpv-IS2 | Pv | 16,03 m ² | 0,02% | |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

| | | | | | |
|-------------------|------------|------------------|------|--------------------------|-------|
| | DOTACIONES | Infraestructuras | Suma | 59,52 m ² | 0,1% |
| SUPERFICIE SECTOR | | | | 92.449,81 m ² | 100 % |

Comprobación da conformidade coa legalidade da ordenación pormenorizada do ámbito SUELO URBANIZABLE INDUSTRIAL SUB AS TRAVESAS

CUMPRIMENTO DOS LÍMITES DE SUSTENTABILIDADE, CALIDADE DE VIDA E COHESIÓN SOCIAL, e DAS DETERMINACIÖNS PROPIAS DO PLANEAMENTO XERAL E DOS PLANS PARCIAIS. Artigos 64 a 78 e 103 a 176 do RLSG.

Analizada a documentación da Modificación Puntual das NSMP, en especial o DOCUMENTO 01. MEMORIA XUSTIFICATIVA PARTE II XUSTIFICACIÓN **apartados 2.6, 2.7, 2.8 e 2.9** e o DOCUMENTO 11. ORDENACIÓN DETALLADA 01.MEMORIA XUSTIFICATIVA PARTE II XUSTIFICACIÓN **apartados 2.6, 2.7 e 2.8**, a xuízo do técnico que subscribe, respéctanse os límites de sustentabilidade e as determinacións esixidas tanto para o PXOM como para o Plan Parcial.

CUMPRIMENTO DO NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE (ORDE TMA/851/2021 e LEI 10/2014).

Analizada a documentación da MP das NSMP, en especial no o DOCUMENTO 11. ORDENACIÓN DETALLADA ANEXO II. ESTUDIO DE EVALUACIÓN DE LA MOVILIDAD, a xuízo do técnico que subscribe, se xustifica o cumprimento da normativa de accesibilidade autonómica e estatal indicadas.

CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE HABITABILIDADE (NHV 2010).


Analizada a documentación da Modificación Puntual das NSMP, en especial o DOCUMENTO 11. ORDENACIÓN DETALLADA APARTADO 04 NORMATIVA URBANISTICA, a xuízo do técnico que subscribe, se xustifica o cumprimento da normativa de Habitabilidade.

TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

Os artigos 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 144 do decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da LSG desenvolven o procedemento a seguir para a aprobación do plan xeral de ordenación municipal.

“Artigo 144 RLSG (...)

6. O concello, previo informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial, sometendo o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no «Diario Oficial de Galicia» e nun dos xornais de maior difusión na provincia (artigo 60.6 da LSG).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico (artigo 60.6 da LSG).

O resumo executivo conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Os ámbitos nos que a nova ordenación altere a vixente, cun plano da súa situación e indicación do alcance da devandita alteración.
- b) No seu caso, os ámbitos nos que se suspenda o outorgamento de licenzas e a tramitación doutros procedementos, indicando a duración da suspensión.

7. O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, que realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido leste, entenderanse emitidos con carácter favorable (artigo 60.7 da LSG).

Respecto dos informes sectoriais a que se fai referencia neste número e no número seguinte, no anexo II recóllese unha listaxe dos devanditos informes e do momento en que deberá solicitarse cada un deles, de acordo coa normativa sectorial correspondente.

Os concellos limítrofes contarán cun prazo de tres meses para contestar, transcorrido o cal se entenderá que non formulan obxeccións ao plan.

Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado e poderase continuar o procedemento (artigo 60.7 da LSG).


8. O concello haberá de solicitar, no momento que corresponda, os demais informes sectoriais que resultasen preceptivos, de conformidade coa lexislación vixente (artigo 60.8 da LSG).”

Segundo o sinalado no artigo 22 das NNTTPP,

“1. Os instrumentos de planeamento en soporte dixital non editable (PDF) estarán asinados dixitalmente polo redactor do plan. Ademais, deberán contar coa oportuna dilixencia, municipal ou autonómica segundo corresponda, que deixe constancia visible da condición do documento a través do texto da dilixencia e da sinatura electrónica que a acredite.

2. **En todo caso, os documentos aprobados inicialmente, os aprobados provisionalmente, os aprobados definitivamente, os documentos refundidos e as correccións de erros dos instrumentos de planeamento deberán estar dilixenciados.**”

INFORMACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

En cumprimento do artigo 144.6 do RLSG o concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia (artigo 60.6 da LSG).

O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento.

O concello deberá solicitar, no momento en que corresponda, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente (Administración do Estado).


Relación de informes que se solicitarán na tramitación segundo o RLSG

ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO (A SOLICITAR POLO CONCELLO):

- *Informe da Delegación do Goberno (disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural).*
- *Informe da confederación hidrográfica sobre cuxas bacías se estenda o termo municipal (Aguas de Galicia) (artigo 25.4 do RDL 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e artigo 22.3 do RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana).*
- *Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (artigo 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións)*

ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA (OS SOLICITARÁ A DX. DE URBANISMO):

- *Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Informe da Axencia Galega de Infraestruturas (artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia).
- Informe de Augas de Galicia (artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e artigo 43 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).
- Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (artigo 47 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, e artigo 46 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal (artigo 66 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e artigo 44 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e 39 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes).
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio (artigo 7 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e artigo 47 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).
- Remisión á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, para que valore a necesidade de solicitar o Informe da Comisión Galega de Protección Civil (disposición adicional quinta da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia).
- Informe da Consellería de Economía, Industria e Innovación (Artigo 51 do Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.)

SUSPENSIÓN DE LICENCIAS MOTIVADA POLA APROBACIÓN INICIAL DA MP das NSMP DE CARRAL

O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso en que as novas determinacións deste supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. Para estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión.

No documento **RESUMO EXECUTIVO** sinálase que o ámbito correspóndese co ámbito da “Modificación Puntual Nº 3 das NN.SS. do Concello de Carral (A Coruña) e ordenación detallada dun Sector de Solo urbanizable situado no Lugar de As Travesas”, e identificado nos planos que figuran anexos.

Polo tanto, suspenderanse todo tipo de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbitos previsto nesta modificación, é dicir, **no ámbito cualificado como SUELO URBANIZABLE INDUSTRIAL SUB AS TRAVESAS.**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a devandita aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.

CONCLUSIÓNS

*Por tanto, agás unha opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe, e dado que se cumpre coa lexislación vixente e que se atenderon todas as observacións realizadas nos informes previos á aprobación inicial da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e urbanismo, e as observacións e prescricións feitas nos informes sectoriais emitidos, **infórmase favorablemente sobre a aprobación inicial da “Modificación Puntual Nº 3 de las NN.SS. do Concello de Carral (A Coruña) e Ordenación Detallada dun Sector de Solo Urbanizable situado no lugar de As Travesas”, para poder continuar coa tramitación do expediente segundo o disposto no artigo 144 do RLSG.***

É todo canto teño a ben informar.”

Visto o informe emitido polos servizos xurídicos municipais, en sentido favorable tamén, que é asinado dixitalmente pola secretaria municipal, dona Eva Jardón López, e pola técnica xurídica, dona Sonia Campos Ares, o vinte e dous de marzo de dous mil vinte e tres co seguinte contido:

“DONA EVA JARDÓN LÓPEZ, secretaria municipal, e DONA SONIA CAMPOS ARES, técnica xurídica do Concello de Carral, en relación coa providencia da alcaldía do 22 de marzo de 2023 na que se solicita que polos servizos xurídicos municipais se emita informe sobre a aprobación inicial da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Carral en orde a configurar un solo urbanizable con ordenación detallada nas Travesas, emiten o seguinte informe con base nos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Este Concello ten subscrito con Valentín Vázquez González, administrador único das mercantís Hormigones Carral SL e Cementos Carral SLU, dous convenios, un urbanístico e outro de colaboración, que tiveron a seguinte tramitación:

En canto ao convenio urbanístico:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Don Roberto López Losada (DNI 34261749Y) de Urben Consultores SL (CIF B70400742), representando a don Valentín Vázquez González, administrador único das mercantís Homigones Carral SL e Cementos Carral SLU solicitan a este Concello en febreiro de 2019 o inicio do trámite de avaliación ambiental estratéxica modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Carral en orde a configurar un solo urbanizable con ordenación detallada nas Travesas achegando un borrador de dita modificación e un documento ambiental estratéxico. Paralelamente, solicitan a sinatura dun convenio urbanístico para levar a cabo dita modificación puntual que sustenta o seu interese público en factores económicos, demográficos, culturais e medioambientais cuxo obxecto e contraprestacións son as que se conteñen nas seguintes cláusulas:

“PRIMERA.- Objeto

En atención a los antecedentes expuestos, el objeto de este convenio urbanístico es establecer los términos de colaboración entre el Ayuntamiento y los propietarios afectados para el mejor y más eficaz desarrollo de la actividad urbanística en lo concerniente a la ordenación de un ámbito de suelo urbanizable delimitado con su ordenación detallada a través de la correspondiente modificación puntual del planeamiento vigente, con el fin de obtener suelo de carácter industrial que posibilite tanto la consolidación de las instalaciones industriales existentes como su futura ampliación o incorporación de nuevos usos industriales.

SEGUNDA.- Ámbito

Se propone la delimitación de un Área de Reparto conformada por un ámbito de suelo urbanizable identificado con las siglas SUI y que se configura -si bien será, en todo caso, finalmente definido por el correspondiente documento de modificación puntual de planeamiento- con una superficie total aproximada de 95.687 m²; así como por dos Sistemas Generales Adscritos de infraestructuras, uno de infraestructura viaria (5.728 m² aproximadamente) y otro de saneamiento (294 m²) que conforman una superficie total aproximada de 6.022 m²-.

De la superficie total aproximada del Sector -95.687 m²-, 3.299 m² se corresponden con terrenos de titularidad pública -dotaciones públicas existentes que se mantienen-, los cuales se corresponden con la superficie de la carretera autonómica identificada con las siglas AC-542, infraestructura que se incorpora a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Página web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

la ordenación detallada como sistema general de red viaria parte incluido en el ámbito y parte adscrito al mismo.

Los restantes 92.388 m² se corresponden con terrenos de titularidad privada de los cuales de los cuales 52.285 m² (56,59%) son propiedad de “Hormigones Carral, S.L” y “Cementos Carral, S.L.U”.

Consecuentemente, el Área de Reparto resultaría conformada por una superficie total de 101.709 m², en la que se incluyen 3.299 m² de titularidad pública -dotaciones públicas existentes que se mantienen-, mientras que los restantes 98.410 m² se corresponden con terrenos de titularidad privada de los cuales, como se ha señalado anteriormente, 52.285 m² (53,13%) son propiedad de “Hormigones Carral, S.L” y “Cementos Carral, S.L.U”, mientras que los restantes 46.125 m² (46,87%) pertenecen a otros propietarios privados.

Se propone un índice de edificabilidad de 0,30 m²/m² y como sistema de actuación el indirecto de Compensación, si bien, en el supuesto de que se cumplan todos los requisitos contenidos en el artículo 296.1 RLSG 2016, la actuación se desarrollará por el sistema de concierto

Se acompaña asimismo, como anexo 1, plano catastral identificativo tanto de la delimitación propuesta del Área de Reparto -con carácter orientativo, siendo definida finalmente dicha delimitación por el documento de modificación puntual de planeamiento-, como de la totalidad de parcelas catastrales afectadas por la delimitación propuesta, entre las que se encuentran las parcelas de cada uno de los propietarios firmantes del presente convenio.

TERCERA.- Compromisos de las partes

“Hormigones Carral, S.L” y “Cementos Carral, S.L.U” se comprometen a:

- presentar ante el Ayuntamiento de Carral, con la mayor celeridad posible, la modificación puntual de las Normas Subsidiarias de Planeamiento vigentes redactada por facultativos competentes de acuerdo con lo establecido en el artículo 51 LSG 2016, y en todas las formas que exija su tramitación, desde el borrador del plan y un documento inicial estratégico para iniciar la tramitación ambiental,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

hasta el documento para aprobación definitiva que incorpore todas las modificaciones resultantes de la tramitación.

- . *satisfacer no solo los costes de elaboración del documento sino todos aquellos costes que directa o indirectamente represente para el Ayuntamiento de Carral la tramitación del documento desde su presentación hasta su aprobación definitiva, publicación y entrada en vigor; supeditando el desarrollo de posteriores fases a la previa firma del correspondiente convenio de ejecución.*

- . *proyectar y ejecutar la infraestructura del servicio de saneamiento del ámbito de actuación de forma que se posibilite la conexión a dicha infraestructura del núcleo de As Travesas, proyectando y ejecutando a dicho efecto el correspondiente colector hasta las proximidades del mismo.*

El Ayuntamiento de Carral se compromete a iniciar e impulsar la tramitación de la modificación puntual de conformidad con los objetivos y los criterios contenidos en el presente convenio, a la mayor brevedad posible una vez facilitados los documentos necesarios que en cada fase se requieran por “Hormigones Carral, S.L” y “Cementos Carral, S.L.U”, y comprobada en todo caso su conformidad con los mismos.

CUARTA.- Naturaleza y régimen jurídico del presente convenio

Este convenio urbanístico se regula por lo dispuesto en los artículos 165 y siguientes de la LSG 2016, así como de los artículos 398 y siguientes del RLSG 2016; por lo que las estipulaciones contenidas en el mismo sólo tienen el efecto de vincular a las partes para la iniciativa y tramitación del pertinente procedimiento sobre la base del acuerdo respecto de la oportunidad, conveniencia y posibilidad de concretar la ordenación propuesta, sin que, por tanto, quede condicionado el ejercicio por las administraciones públicas de sus potestades de planeamiento.

En consecuencia, de no alcanzar aprobación definitiva el documento de modificación, no procederá indemnización alguna a favor de los propietarios, ni siquiera por los eventuales perjuicios que se derivasen por gastos de redacción y tramitación de los distintos documentos necesarios.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Conforme a lo establecido en el artículo 168.2 LSG 2016 y en el artículo 401.3 RLSG 2016, este convenio se incluirá, para su información pública, como anexo al documento de Modificación Puntual de las Normas Subsidiarias de Planeamiento de Carral objeto del mismo.”

-Unha vez estudiada dita viabilidade polos servizos municipais, con data do 07 de xuño de 2021 subscribíense entre o Concello de Carral e as mercantís Hormigones Carral SL e Cementos Carral SLU unha proposta de convenio urbanístico para a modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Carral en orde a configurar un solo urbanizable con ordenación detallada nas Travesas.


- En xullo de 2021 remíteselle aos afectados catastrais oficio polo que se lles comunica o inicio dun trámite de audiencia por un prazo de quince días a fin de que poidan manifestar a súa adhesión ao referido convenio urbanístico ou ben presentar as alegacións e/ou documentos que estimen pertinentes.

- No Boletín Oficial do Estado do 20 de outubro de 2021 publícase anuncio de notificación daquelas notificacións devoltas polo servizo de Correos por resultar descoñecidos ou estaren ausentes do seu domicilio os afectados catastrais outorgándolles igualmente un prazo de quince días hábiles para manifestar a súa adhesión ou presentaren as alegación e/ou documentos que estimasen oportunos.

- Visto que ningún dos afectados presentou alegacións nin a súa vontade de adherirse ao convenio urbanístico obxecto de tramitación, con data do 10 de febreiro de 2022 asínase o “Convenio urbanístico para a modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Carral en orde a configurar un solo urbanizable con ordenación detallada nas Travesas” que é incluído na modificación puntual das normas subsidiarias presentadas posteriormente para a súa aprobación inicial de acordo co estipulado no artigo 401.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En canto ao convenio de colaboración:

- Co data do 07 xuño de 2021 asínase tamén coas mercantís Hormigones Carral SL e Cementos Carral SLU, representadas por don Valentín Vázquez González administrador único, un convenio de colaboración para a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

realización de intervencións relacionados coa posta en valor do Castro das Travesas (Eira dos Mouros) cuxo obxecto e contraprestacións son as seguintes:

I.- Unha vez aprobadas as modificacións urbanísticas previstas, “Hormigones Carral SL” deberá asumir o custo da adquisición, impresión e instalación de tres paneis interpretativos no castro das Travesas, segundo as especificacións técnicas que se achegan en documento adxunto.

II.- Unha vez subscrito convenio, “Hormigones Carral SL” estará comprometido, durante cinco anos, dende a sinatura do mesmo á achega anual de cinco mil (5.000) euros, e durante os cinco anos seguintes á achega anual de 2.000€, ao Concello de Carral, cunha duración total de 10 anos, que serán destinados en exclusiva a algúns dos seguintes conceptos relacionados co castro das Travesas:

- o intervencións arqueolóxicas
- o traballos de restauro de pezas extraídas das escavacións
- o traballos e investimentos que contribúan á interpretación in situ do Castro (paneis, sinalización, folletos, vídeos, guías...)
- o investimentos e traballos para a melloras das instalacións e equipamentos da sala expositiva da colección visitable do Castro das Travesas.
- o Limpeza vexetal do Castro.

III.- “Hormigones Carral SL” fará a achega anual pactada neste convenio no mes de xaneiro de cada ano.

IV.- As actuacións e investimentos atendidos coas achegas económicas serán decididos polo Concello de Carral, que xustificará documentalmente ante “Hormigones Carral SL” unha vez finalizado o exercicio económico.

V.- O Concello de Carral comprométese a incluír a marca comercial de “Hormigones Carral SL” no material impreso, audiovisual, web, na sinalética principal da colección visitable do Castro das Travesas, en notas de prensa relacionadas coas intervencións executadas grazas ao convenio. O fará de xeito que sexa evidente a colaboración de “Hormigones Carral SL” na posta en valor do castro, sen prexuízo de que inclúan tamén outras marcas ou referencias de empresas ou institucións que colaboren co Concello de Carral no mesmo sentido.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

VI.- “Hormigones Carral” poderá citar a súa colaboración co Concello de Carral en calquera actividade ou publicacións relacionadas coas súas estratexias de responsabilidade social corporativa.

VII.-O Concello de Carral ofrecerá colaboración de balde a “Hormigones Carral SL” para atender accións que emprenda relacionadas co castro con traballadores, provedores e clientes (visitas guiadas, reparto de folletos e guías, presentacións...).”

En canto a modificación puntual con ordenación detallada:


-Con data do 09 de abril de 2019 remítese á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (órgano ambiental da Xunta de Galicia) solicitude para iniciar a avaliación ambiental estratéxica da “Modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Carral en orde a configurar un solo urbanizable con ordenación detallada nas Travesas” que se acompaña dun borrador de dita modificación e un documento ambiental estratéxico a fin de modificar as normas subsidiarias de planeamento que rexen este Concello aprobadas definitivamente pola comisión provincial de Urbanismo en sesión celebrada o 18 de novembro de 1993 e publicadas no BOP nº 48 do 01 de marzo de 1994.

- O 12 de abril de 2019 a DX de Calidade Ambiental e Cambio Climático inicia un período de consulta pública a través da súa sede electrónica e polo prazo de dous meses consultándolle igualmente á Subdirección Xeral de Urbanismo e a outras administracións públicas afectadas.

- Durante o período de consultas, iniciado pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, recibíronse os seguintes informes:

da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo; informe do 14 de xuño de 2019 asinado pola directora xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio dona Encarnación Rivas Díaz.

do Instituto de Estudos do Territorio; informe do 19 de xuño de 2019 asinado polo xefe de servizo don José Luís Álvarez Vicente, polo director do departamento técnico de Estudos don Alfredo Fernández Ríos e polo director do IET don Guillermo Evia Pérez.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

da Axencia Galega de Infraestruturas; informe do 04 de xuño de 2019 asinado pola xefa de servizo de Planificación dona Sonia Sánchez Carbajales e polo xefe de área de Planificación e Proxectos don Carlos Lefler Gullón.

da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural; informe do 13 de xuño de 2019 asinado pola directora xeral de Patrimonio Cultural dona María Carmen Martínez Insua.

da Dirección Xeral de Mobilidade; comunicación da secretaría da DX de Mobilidade do 10 de maio de 2019 sobre os servizos regulares de uso xeral de transportes de viaxeiros por estrada que actualmente prestan servizos na zona.

da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica; informe de que as actuacións comprendidas no planeamento non é previsible que teñan impacto nas actividades de acuicultura mariña ou continental da súa competencia.

Extemporaneamente tamén se emitiu informe polo servizo de Montes da Coruña o 25 de outubro de 2019 polo xefe da unidade técnica ambiental e polo xefe do servizo de montes ademais de incluírse no expediente un informe de suficiencia de infraestruturas para a modificación da NNSS da empresa de augas da Coruña (Emalcsa) do 16 de xaneiro de 2023.

Ningún destes informes foi desfavorable se ben inclúen as observacións e suxestións que se teñen que ter en conta no documento de modificación puntual das normas subsidiarias con ordenación detallada.

- Con data do 26 de xuño de 2019 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático emite resolución pola que se formula o informe ambiental estratéxico da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Carral e ordenación detallada dun sector de solo urbanizable situado no lugar das Travesas pola que se resolve “non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Carral en orde a configurar un solo urbanizable con ordenación detallada nas Travesas. Porén, para mellorar a integración ambiental da proposta, na formulación de dita Modificación puntual integraranse as determinacións recollidas na proposta transcrita”

- O 11 de xullo de 2019 publicouse no DOG nº 131 o anuncio do 26 de xuño de 2019 da DX de Calidade Ambiental e Cambio Climático polo que se fai público o informe ambiental estratéxico da modificación



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

puntual das normas subsidiarias de planeamento e ordenación detallada dun sector de solo urbanizable situado no lugar das Travesas (expediente 2019AAE2323; código 2196/2019).

-Con data do 30 de decembro de 2022 (número de rexistro 2022999900000929) presentouse por parte de Urben SL o documento da Modificación puntual nº 3 das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Carral e ordenación detallada dun sector de solo urbanizable sito no lugar das Travesas para a súa aprobación inicial por parte do órgano competente e a continuación da súa tramitación ata a aprobación definitiva do mesmo de acordo co disposto no artigo 144 do RLSG. Con data do 21 de marzo de 2023 (número de rexistro 202399900000212), complementouse dita solicitude coa presentación de documentación que faltaba substituíndo así a primeira documentación presentada.

A modificación inclúe a documentación que se relaciona a seguir:

| | |
|-----------------|--|
| | MODIFICACIÓN PUNTUAL |
| 01.MX | MEMORIA JUSTIFICATIVA |
| 02.EMR | ESTUDIO DEL MEDIO RURAL |
| 03.AMAP | ANALISIS DEL MODELO DE ASENTAMIENTO POBLACIONAL |
| 04.MOB | ANALISIS DE MOVILIDAD |
| 05.PINF | PLANOS DE INFORMACIÓN |
| 06.PORD | PLANOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA |
| 07.NU | NORMAS URBANÍSTICAS |
| 08.CAT | CATÁLOGO |
| 09.EE | ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN Y ESTUDIO ECONÓMICO |
| 10.AAE | EVALUACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA |
| 11.ORDET | ORDENACIÓN DETALLADA |

A ordenación detallada inclúe a documentación seguinte:

| | |
|----------------------|---|
| | ORDENACIÓN DETALLADA |
| ORDET_01.MX | MEMORIA JUSTIFICATIVA |
| ORDET_02.PINF | PLANOS DE INFORMACIÓN |
| ORDET_03.PORD | PLANOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

| | |
|-----------------------|---|
| ORDET_04.NU | NORMAS URBANÍSTICAS |
| ORDET_05.CAT | CATÁLOGO |
| ORDET_06.EE | ESTUDIO ECONÓMICO Y MEMORIA DE VIABILIDAD ECONÓMICA |
| ORDET_07.AAE | EVALUACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA JUSTIFICACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DE LAS |
| ORDET_08.JCDIP | DETERMINACIONES DE LOS PLANES DE INICIATIVA PARTICULAR |

-Con data do 22 de marzo de 2023 ditouse providencia da alcaldía onde se solicitan os informes técnicos, xurídicos e de intervención preceptivos para a aprobación inicial da modificación puntual.

-Con data do 22 de marzo de 2023 o técnico municipal do Félix Quijano Yáñez emite informe no que se informa favorablemente sobre a aprobación inicial da “Modificación puntual nº 3 de las NNSS do Concello de Carral (A Coruña) e Ordenación Detallada dun sector de solo urbanizable situado no lugar de As Travesas” para poder continuar coa tramitación do expediente segundo o disposto no artigo 144 da LSG”

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
-



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 27.3 recolle que lle corresponde á comunidade autónoma galega a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda. Así mesmo, a Lei de bases de réxime local (LBRL) no seu artigo 25.2.a) recoñécelle ao municipio como competencias propias a materia de urbanismo (planeamento, xestión, execución, disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación). Por todo isto, o obxecto do presente informe que non é outro que a aprobación inicial, se procede, da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Carral en orde a configurar un solo urbanizable con ordenación detallada nas Travesas que inclúe un convenio urbanístico con Hormigones Carral SL e Cementos Carral SLU cuxa tramitación vén regulada polo artigo 60 da LSG e polo artigo 144 do RLSG así como polos artigos 398 e seguintes do RLSG e polos artigos 165 e seguintes da LSG en canto a tramitación dos convenios urbanísticos.

Segundo.- Para a tramitación do convenio urbanístico seguiu-se o establecido nos artigos 398 e seguintes do RLSG para a tramitación e formalización dos convenios urbanísticos concedéndolle a todos os afectos un trámite de audiencia de quince días no que ningún manifestou a súa vontade de adhesión ao referido convenio urbanístico nin se presentaron alegacións e/ou documentos que estimasen oportunos.

O artigo 401.3 deste mesmo regulamento establece que “cando a negociación dun convenio coincida coa tramitación do procedemento de aprobación do instrumento de planeamento ou xestión co que garde directa relación, deberá incluírse o texto íntegro do convenio na documentación sometida a información pública propia do devandito procedemento, substituíndo esta a prevista no número anterior”, como é o caso que nos ocupa.

Terceiro.- Para a tramitación da modificación puntual das normas subsidiarias con ordenación detallada deberá cumprirse co establecido no artigo 83 da LSG que establece “1. Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas. 2. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou mediante a modificación dalgún dos seus elementos. 3. Enténdese por revisión do planeamento xeral a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou polo esgotamento da súa capacidade.”

Por todo o anterior queda acreditado o interese público desta actuación pois como ben recolle o informe da DX de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, (PTU AC 2019/052) baséase en factores económicos, demográficos, culturais e medioambientais. A previsión do novo solo urbanizable axeitado para permitir o crecemento da actividade económica é suficiente para usos produtivos que se acrediten como necesarios, pode considerarse como razón de interese público suficiente para xustificar a modificación (artigo 27 da LSG). Enténdese polo tanto necesaria a modificación das normas subsidiarias deste Concello por circunstancias sobrevidas de carácter produtivo e económico.

Cuarto.- *Respecto do procedemento a seguir para a tramitación e aprobación da modificación puntual das normas subsidiarias que se pretende con ordenación detallada débese seguir o mesmo procedemento que para a aprobación dun plan xeral de acordo co establecido no artigo 60 da LSG tal e como recolle o artigo 83.5 da mesma lei que di “A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen prexuízo do previsto na lexislación de ordenación do territorio para o suposto de tramitación simultánea da aprobación do instrumento de ordenación do territorio e da modificación do instrumento de planeamento urbanístico.”*

Así pois, **o procedemento a seguir** resúmese en:

- *O Concello logo dos informes técnicos e xurídicos municipais, procederá a aprobación inicial da modificación puntual da normas subsidiarias do planeamento municipal con ordenación detallada e someteraa a información pública durante o prazo de dous meses mediante anuncio a publicar no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia.*
- *O acordo de aprobación inicial desta modificación determinará por si só a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio nos que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. No documento RESUMO EXECUTIVO sinálase que o ámbito correspóndese co ámbito da “Modificación Puntual Nº 3 das*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


NN.SS. do Concello de Carral (A Coruña) e ordenación detallada dun Sector de Solo urbanizable situado no Lugar de As Travesas”, e identificado nos planos que figuran anexos.

*Polo tanto, suspenderanse todo tipo de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito previsto nesta modificación, é dicir, **no** ámbito cualificado como SUELO URBANIZABLE INDUSTRIAL SUB AS TRAVESAS.*

Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a devandita aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.

- *A documentación sometida a información pública enviarase polo concello ao órgano autonómico competente en Urbanismo, o cal solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos (no informe técnico emitido ao efecto xa se sinalan dende o Concello os que se consideran preceptivos), realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico e dará audiencia aos municipios limítrofes (artigo 60.7 da LSG).*

- *O Concello pola súa parte trala aprobación inicial da modificación que se pretende solicitará os demais informes sectoriais que resulten preceptivos e que resultan ser os seguintes:*
 - *Informe da Delegación do Goberno (disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural).*
 - *Informe da confederación hidrográfica sobre cuxas bacías se estenda o termo municipal (Augas de Galicia) (artigo 25.4 do RDL 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e artigo 22.3 do RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana).*
 - *Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (artigo 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións).*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Unha vez realizadas as alegacións que se pretenden na fase de información pública e tendo en conta os informes sectoriais emitidos e as consultas realizadas, polo Concello elaborárase a proposta da modificación das normas subsidiarias do planeamento con ordenación detallada para a súa remisión ao órgano ambiental autonómico xunto co expediente completo.
- Posteriormente, unha vez informen os servizos técnicos e xurídicos municipais, o Pleno da corporación aprobará provisionalmente o documento coas modificacións que sexan pertinentes remitíndose o expediente completo debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda á que lle corresponderá a aprobación definitiva da mesma de conformidade co establecido nos apartados 14 e 16 artigo 60 da LSG e no artigo 61 desta mesma lei.


Quinto.- O órgano municipal para a aprobación inicial deste documento é o pleno da corporación ao tratarse da aprobación inicial da modificación puntual das normas subsidiarias de conformidade co establecido no artigo 22.2.c) da LBRL que estipula que lle corresponde ao pleno municipal nos Concellos as atribucións da “aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenio que teñan por obxecto a alteración de claquera de ditos instrumentos”. Esta mesma lei, no seu artigo 47.2.11) establece que se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal dos membros da corporación para a adopción de acordos na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.

Ao requirirse maioría absoluta serán necesarios, de acordo co artigo 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), os informes previo da secretaría e ademais da intervención ou de quen legalmente os substitúan.

Con todo, tal e como se establece no convenio urbanístico suscrito entre este Concello e o administrador único de Hormigones Carral SL e Cementos Carral SLU, estas actuacións non lle suporán ao Concello custo económico algún como así se recolle na cláusula terceira que di así:

“Hormigones Carral, S.L” y “Cementos Carral, S.L.U” se comprometen a:

- presentar ante el Ayuntamiento de Carral, con la mayor celeridad posible, la modificación puntual de las Normas Subsidiarias de Planeamiento vigentes redactada por facultativos competentes de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

acuerdo con lo establecido en el artículo 51 LSG 2016, y en todas las formas que exija su tramitación, desde el borrador del plan y un documento inicial estratégico para iniciar la tramitación ambiental, hasta el documento para aprobación definitiva que incorpore todas las modificaciones resultantes de la tramitación.

- . *satisfacer no solo los costes de elaboración del documento sino todos aquellos costes que directa o indirectamente represente para el Ayuntamiento de Carral la tramitación del documento desde su presentación hasta su aprobación definitiva, publicación y entrada en vigor; supeditando el desarrollo de posteriores fases a la previa firma del correspondiente convenio de ejecución.*


- . *proyectar y ejecutar la infraestructura del servicio de saneamiento del ámbito de actuación de forma que se posibilite la conexión a dicha infraestructura del núcleo de As Travesas, proyectando y ejecutando a dicho efecto el correspondiente colector hasta las proximidades del mismo.”*

Sexto.- *O sistema de actuación será o **sistema de compensación**, aínda que, no caso de que se cumpran todos os requisitos contidos no artigo 296.1 RLSG, a actuación desenvolverase polo sistema de concerto.*

Sétimo.- *Aos propietarios dos terreos corresponderalles o 90% do aproveitamento, tal e como sinalan os artigos 29 da LSG e 43 do RLSG, xa que será un deber dos propietarios do solo urbanizable “Ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao Concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento tipo da área de reparto. A Administración non terá que contribuír ás cargas de urbanización correspondentes deses terreos, que deberán de ser asumidas polos propietarios (artigo 29.d) de la LSG). “*

No artigo 6 do documento 11.ORDENACIÓN DETALLADA: 04. NORMATIVA URBANÍSTICA sinálase que “O deber de cesión poderá cumprirse, no caso de conformidade do correspondente concello, a través dun convenio mediante a substitución da entrega de solo polo seu valor en metálico, que deberá integrarse no patrimonio público do solo (art. 400.2 RLSG).

A asignación da edificabilidade así como o potencial acordo de substitución establecerase no documento de xestión correspondente á seguinte fase de desenvolvemento.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Por todo o anteriormente exposto, **INFÓRMASE de xeito favorable a aprobación inicial** da modificación puntual nº 3 das normas subsidiarias de planeamento e ordenación detallada dun sector de solo urbanizable sito no lugar das Travesas.

Posteriormente a esta aprobación inicial someterase o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

E isto é todo o que temos a ben informar, sen prexuízo de outro mellor criterio fundamento en dereito.”

Visto o informe emitido pola interventora municipal, dona Noemí González Mato, o vinte e dous de marzo de dous mil vinte e tres onde se fiscaliza “de forma favorable a Modificación puntual nº 3 das normas subsidiarias de planeamento e ordenación detallada dun sector de solo urbanizable sito no lugar das Travesas por non ter que asumir este Concello custo algún dende a aprobación inicial que se pretende e ata a súa aprobación definitiva, publicación e entrada en vigor”.

Tendo en conta que se seguiu a tramitación que a lexislación establece ata este momento e co fin de continuar coa mesma é polo que **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Modificación puntual nº 3 das normas subsidiarias de planeamento e ordenación detallada dun sector de solo urbanizable sito no lugar das Travesas.

Segundo.- Someter o expediente completo, que incluírá un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico, a información pública durante o prazo de dous meses mediante a publicación dun anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia de acordo co establecido no artigo 60.6 da LSG.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Terceiro.- *Trasladar esta documentación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que realice as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informe sectoriais autonómicos preceptivos, que terán que ser emitidos no prazo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable de conformidade co establecido no artigo 60.7 da LSG.*

Cuarto.- *Solicitar os informes sectoriais non autonómicos preceptivos esixibles despois de que se aprobe inicialmente a modificación proposta.*

Quinto.- *Suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición nos ámbitos previstos nesta modificación, é dicir, no ámbito cualificado como **solo urbanizable industrial SUB As Travesas**. Esta suspensión terá unha duración de dous anos contados a partir da aprobación inicial desta modificación puntual polo Pleno e, en todo caso, extinguirase coa aprobación definitiva da Modificación puntual nº 3 das normas subsidiarias de planeamento e ordenación detallada dun sector de solo urbanizable sito no lugar das Travesas segundo establecen os artigos 47.2 da LSG e o artigo 86 do RLSG.*

Carral, na data da sinatura dixital

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose”

O Sr. Alcalde le a proposta.

Concede a palabra, o Sr. Alcalde, á Sra. Duarte Gerpe que indica que o seu voto vai ser a favor desta modificación pero indica a Sra. Duarte que non entende que dende que se firmou o primeiro convenio coa empresa, o 7 de xullo de 2021 e o segundo convenio o 10 de febreiro de 2022 que sexa agora cando se traia esta modificación no último pleno da lexislatura. Indica a Sra. Duarte que ela vota a favor do convenio pero non lle parece correcto o que se está a facer xa que dende antes do 2021 que está o actual goberno ten paralizado o Plan Xeral e dentro do Plan Xeral estaría recollida a modificación que se trae a este pleno, polo tanto esta xente leva 4 anos perdidos que xa podía estar todo recollido no plan, publicada e mais menos feito e parécelle, á Sra. Duarte que o Sr. Alcalde traballa con convenios, como por exemplo no caso da Panadería Da Cunha, con modificacións puntuais que favorecen a empresas que dan traballo a moita xente de Carral e de fora de Carral pero ao mesmo tempo, repróchalle ao Sr. Alcalde que lle dou largas ao Plan Xeral e ten paralizados a moitos veciños que sí están esperando por unha licenza para facer unha obra e todos teñen os



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

mesmos dereitos e isto que está a facer o Sr. Alcalde agora mesmo parece unha cacicada de “vamos a quedar ben no último momento”. Recalca a Sra. Duarte que o seu voto será a favor pero indica ao Sr. Alcalde que leva catro anos sen facer nada que resultara favorable aos outros veciños non só ás grandes empresas que, evidentemente, elas aportan moito ao concello de Carral pero tamén hai outra xente que está esperando polo Plan e o equipo de goberno nestes catro anos non fixo absolutamente nada.

Concede a palabra, o Sr. Alcalde, á Sra. Blanco Fidalgo que indica que o seu voto será a favor.

Dálle a palabra, o Sr. Alcalde, ao Sr. Fernández Mouriño quen manifesta que é unha zona na que hai industria, pero tamén hai un patrimonio importante e algunha vivenda con “certas taras”, indica que a modificación xa xurdiu no ano 2018 e no ano 2019 estivo exposto ao público polo tema do “impacto ambiental” e considera que as instalacións de Hormigones Carral e a pretensión por parte da empresa de ampliar a empresa e isto vai a xerar beneficios para o concello de Carral pero opina que á hora de asinar o convenio o Sr. Alcalde foi moi pouco ambicioso xa que eses 5000 € ou 2000 € que se dan anualmente, gustaríalles que foran mais proxectados cara unha actuación específica relacionada xa non so co camiño inglés que, seguro que quedará beneficiado, senón tamén para potenciar o Castro das Travesas xa que nestes catro anos de goberno non se acordaron para nada del. Continua dicindo o Sr. Mouriño que aínda que isto é unha aprobación inicial e hai que esperar por todos os informes sectoriais debería de haber un proxecto de todo isto e ser máis ambicioso no convenio e ser mais específico, especificando as actuacións e non so o diñeiro, xa que nesa zona o valor do patrimonio é moi grande, e o convenio debería reflectir que se vai facer alí de cinco a dez anos. Continua o Sr. Mouriño dicindo que a actuación urbanística da que se está a falar queda supeditada a que o 10% de todo o terreo (sector terciario, vivenda e sector industrial) estivera ben definido de canto é o valor. Indica o Sr. Mouriño que esperan que todos os informes sectoriais sexan a favor e reitera que habería que ser un pouco mais ambiciosos.

Signala o Sr. Alcalde que o Sr. Mouriño so fai referencia ao convenio de colaboración pero que o concello de Carral ten tamén un convenio urbanístico asinado por Hormigones Carral onde se comprometen a facer un saneamento no lugar das Travesas e ao mesmo tempo habilitará unhas zonas cunhos paseos, plantación de árbores, farán un aparcamento para visitar o Castro das Travesas, todo isto está marcado no convenio.

Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que el definiu os dous temas, pero que o convenio urbanístico é outra cousa, queda un 10% de actuación urbanística e está sen definir.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Non habendo máis debate procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 13

- 3 PSdeG-PSOE
- 4 Partido Popular
- 5 Alternativa dos Veciños
- 1 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños
- 0 No adscrito/a
- 0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

2. Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación.

2.1.- Dación de conta de decretos da Alcaldía dende o número 73/2023 ata o 157/2023 e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

2.2- Dación de conta dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados nas sesións celebradas o 16 de xaneiro, 26 de xaneiro, 9 de febreiro, 23 de febreiro e 9 de marzo de 2023.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.3- Dación de conta do informe resumo o que se refire o artigo 37 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local no Concello de Carral, exercicio 2022.

2.4.- Dación de conta do decreto 164/2023

Indica o Sr. Alcalde que a Sra. Secretaria vai a explicar a dación de conta do decreto 164/2023 que non foi incorporado na orde do día.

Manifesta a Sra. Secretaria que o decreto é o do acordo do POS Social, o importe solicitado para gasto corrente e o total solicitado a cantidade que se consignou foi a estimación de gasto, entendendo dende o concello que despois a Deputación nos daría o gasto que nos correspondera e indica a Sra. Secretaría que no día 29 de marzo recibiu unha chamada de teléfono dende a Deputación dicíndolle que o concello tiña que consignar o importe que eles dan e polo que se rectifica o acordo no senso de consignar os 56.968,65 € que nos daba a Deputación, o que se fixo mediante decreto e por isto se da conta ao Pleno.

3. Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

Non hai ningunha moción

4. Rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde concede a palabra á Sra. Duarte Gerpe que formula as seguintes preguntas:

- Pregunta a Sra. Duarte sobre a obra que acaba de realizar no fondo do Campo da Feira xa que o día da toma de posesión do Xuiz de Paz, os veciños, viron a outro veciño que estaba en desacordo con isto e como este veciño aparcou o seu vehículo na parcela que el consideraba da súa propiedade e como iso dou bastante que falar pois pregunta como está ese proxecto, se o concello tiña os permisos de todos os propietarios das fincas, por que pasou iso así, indica a Sra. Duarte que coñece persoalmente ao veciño e que el lle comentou que dende o concello se lle fixo unha oferta económica que el non estaba disposto a aceptar , posteriormente manifestou o propietario da finca que se lle ofertou o baixo que era destinado a educación, a Sra. Duarte non sabe de que baixo fala pero entende que será o baixo que se destinaba á ludoteca infantil que o equipo de goberno actual ten pechado e que non chegaron a acordo co propietario e o concello continuo para adiante coa obra, solicita a Sra. Florinda que lle expliquen este tema. Continua a Sra. Florinda dicindo que fai unha crítica e que si o que se intentaba era unir a Praza da Capela coa rúa Víctor Velasco o normal



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

era que a uniran ao Campo da Feira e que houbera un acceso para persoas con mobilidade reducida ou carros de bebés e non tiveran que dar a volta toda ata a rampa do concello para vir ao Campo da Feira.

O Alcalde contesta que as obras do Campo da Feira executáronse segundo marca catastro, ese é un camiño, un vial de acceso de toda a vida e a ese señor o único que se lle pide que presente unha escritura conforme é titular dese vial. Dende o concello non se lle roubou nada a nada, non se lle facía ningún cambio por ningún baixo, fíxoselle unha proposta como se lle fixo aos outros dous señores que foron os herdeiros de Don Angel López e a Don Antonio Bermúdez que se compraron as parcelas con cartos propios do concello e tamén se lle fixo a ese señor a mesma oferta de comprar unha vivenda de 28 m2 que é o que tiña ese señor. Indica o Sr. Alcalde que de ser a propiedade como indica o veciño a casa da Sra Estrella, non tería saída por alí nin catro ventanais e manifesta que a o terreo dese veciño non se lle tocou e o único que se fixo foi adecentar iso que está no centro do pobo e estaba todo cheo de lama.

A Sra. Duarte dille ao Sr. Alcalde que acaba de reconecer que o veciño tiña unha parcela de 28 m2 e se lle fixo unha oferta que o señor rechazou. Indica a Sra. Duarte que o Sr. Alcalde reconece que ese veciño tiña unha parcela aí e que o concello decidiu asfaltalo. Pregunta a Sra Duarte si o dono de esa parcela pode cerrala e facer nela o que el queira. O Alcalde contesta que o veciño tiña unha parcela alí e a segue tendo. Continua respostando o Sr. Alcalde que a ese veciño, nesa parcela, non se lle cortou o paso e indica o Sr. Alcalde que na casa da Sra. Estrella hai outra porta detrás por onde entran e comenta o Sr. Alcalde que a seguinte finca é de propiedade do Concello e tamén teñen que pasar para esa propiedade, reitera o Sr. Alcalde que non se colleu parcela a ninguén nin se lle cortou o paso a ningún e non se pode dar mais metros a ninguén dos que dí catastro, que dí 28 m2, o señor o que ten que facer e xustificar que ten mais metros, reitera que o único que se fixo foi adecentar o camiño pero á propiedade dese señor non se lle tocou para nada.

Indica a Sra. Duarte que cando ela entrou no goberno hai mais ou menos 20 anos, estaba gobernando o Partido Socialista co BNG naquel tempo era concelleiro o Sr. Xelo e asfaltou un camiño de servidume en Herves, daba servizo a unha casa, e o veciño que tiña unha propiedade alí denunciou ao Concello e despois, cando gobernaba o Partido Popular, o xulgado mandou unha orde de execución para que se levantara todo o asfaltado do camiño de servidume xa que segundo a sentenza era un camiño de servidume e non se podía asfaltar e segundo entende a Sra. Duarte se o señor ten unha parcela de 28 m2 e ten que deixar paso de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

servidume ás outras dúas parcelas é unha cousa e outra cousa é que pola súa parcela poidan pasar todos os veciños de Carral.

O Alcalde lle di que el ten un informe do técnico municipal onde dí que ese terreo é público e se colle a certificación catastral aparece como público, e se logo un xuíz dí que non o é pois o concello levantará todo o feito.


A Sra. Duarte pregunta ao Sr. Alcalde se no caso de que haxa unha orde xudicial, e haxa que levantar o asfaltado se fará cos cartos do propio Sr. Alcalde ou cos cartos dos veciños. A Sra. Duarte dí que ela no pleno que se levou esa obra preguntou ao Sr. Alcalde se tiñan todos os permisos e se estaban de acordo todos os propietarios das parcelas e o Sr. Alcalde manifestou que sí. Agora resulta que durante a obra houbo problemas co propietario dunha parcela e segue habendo problemas con este veciño que probablemente vaia ao xulgado e dí o Sr. Alcalde que si dentro de un ou dous anos hai que levantar ou demoler esa obra o Sr. Alcalde o vai a facer pero insiste a Sra. Duarte en que si o hai que facer que o faga cos cartos propios e non cos dos veciños.

O Sr. Alcalde di que el tivo que facer dúas obras, que deberían estar acabadas, e que as tivo que pagar cos cartos dos veciños, obras que o goberno do PP deixou sen facer e estaban xustificadas como que estaban feitas.

A señora Duarte di que non lle parece mal que unha vez que marchou o outro goberno continúe traballando, pero que é distinto a que outro goberno teña que demoler algo que o Alcalde por capricho decidiu continuar. O Alcalde di que non foi por capricho, que foi por facerlle algo para os veciños.

Remata a Sra. Duarte con este tema dicindo que “outros virán e mirarán” e unha frase moi ben dita polo equipo de goberno é que “se teñen que ir ao xulgado que vaian”. Pregunta a Sra Duarte que lle reconecerá o Sr. Alcalde que era importante facer unha rampa de acceso e o Alcalde contesta que os técnicos non o viron viable.

- A señora Duarte pregunta que cando se firman os convenios dáse conta ao Pleno de que se firman pero o convenio que se firmou da cesión do antigo Colexio Victor Velasco á unha asociación da familia Zapata con quen se firmou o convenio, non estivo exposto ao público nin se informou aos concelleiros da



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

oposición de nada. O Alcalde contesta que sí estivo exposto ao público, publicado no Boletín Oficial da Provincia.

A señora Duarte matiza, que o que di é que os membros da corporación non foron informados e que cando o Sr. Alcalde firma un convenio ten que informar ao pleno e que lle parece unha aberración que se lle ceda un edificio tan importante a uns particulares e que diga que é sen ánimo de lucro e que agora mesmo estase falando do que lle poden costar as actividades aos veciños de Carral, e o Alcalde non contou con ninguén da corporación e a ela gustaríalle saber quen vai correr cos gastos da luz de ese edificio, cos gastos de auga, quen fará o mantemento de limpeza, quen vai arranxalo. Os veciños de Carral pagarán igual que os de outros concellos para participar nas actividades, pregunta a Sra. Duarte. O Alcalde contesta que iso farao a empresa. Non ten coste de ningunha clase para o concello.

O Alcalde dálle a palabra ao señor Francisco e este resposta que non é un convenio que é unha concesión demanial, teñen a documentación toda á súa disposición, tamén dí o Sr. Bello á Sra. Duarte que retire que non estivo exposto publicamente porque sí o estivo e indícalle á Sra. Duarte que como concelleira debería mirar todo o expediente antes de preguntar. Continua o Sr. Bello dicindo que o expediente pasou todos os trámites que había que pasar. A Sra. Duarte para dicir que ela non conta mentiras, ela pregunta que gastos lle acarrea de coste esta concesión ao concello e que beneficio ten para os veciños de Carral.

Resposta o Sr. Bello con outra pregunta ¿todas as asociacións sen ánimo de lucro non cobran por as actividades que fan? Don Florinda contesta que ela non está en ningunha asociación. Reitera a Sra. Duarte en que benefica aos veciños de Carral e o Sr. Bello Hermida remite á Sra. Duarte a que lea todo o convenio que está todo moi claro e recalca o Sr. Bello que coste 0.

- Pregunta a Sra. Duarte ao Sr. Alcalde cantas obras quedan sen executar desta última lexislatura, destes catro anos e porque quedaron desertas para saber que queda pendente e seguir traballando os que veñan na seguinte lexislatura o incluso o Sr. Alcalde mesmo. Como está a obra da reforma do CEIP Vicente Otero, como está a obra da pista deportiva de Tabeaio que se ía a facer, en que situación queda. As obras que se incluíron nos POS dos últimos 2 anos. O Sr. Alcalde lle di á Sra. Duarte que presente un escrito e lle contestará a Secretaría do Concello.

- Pregunta a Sra. Duarte se lle pode facer unha pregunta ao Sr. Couto o Sr. Alcalde contesta que sí e o Sr. Couto acepta a pregunta da Sra. Duarte.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Pregunta a Sra. Duarte ao Sr. Couto se el sabe que obras quedan sen executar dos proxectos que tiñan feitos cando estaba no goberno o Sr. Couto contesta que el dende que saiu do goberno non sigue o día a día do Concello e que se entera pola prensa e ás veces polos anuncios no BOP, DOG, etc. Pero agora, facer un resume non esta preparado e non ten idea, sabe que hai algunhas que, lamentablemente quedaron desertas pero non recorda cales quedan (reforma do cole, pistas de Tabeaio e algunha mais) xa que hai un ano que non ten responsabilidades no concello.

- Pregunta a Sra. Duarte ao Sr. Couto sobre si el se sente orgulloso de como foron estes catro anos de goberno despois de haberlle dado a alcaldía ao Sr. Gestal. E, continua a Sra. Duarte, se no hipotético caso de que vostede se volte a presentar cometería a mesma “historia” de voltar ao mesmo. O Sr. Couto contesta que á ultima pregunta non lla vai a contestar, Nun pleno non procede. A señora Duarte contesta que ela xa se da por enterada de que o Sr. Couto faría o mesmo.

O Sr. Alcalde dálle a palabra á Sra. Blanco Fidalgo, quen formula as seguintes preguntas:

- En canto á obra “Reforzo de firme e canalización do drenaxe de augas pluviais na estrada municipal que comunica a DP-1704 co núcleo de Soavila na parroquia de Cañás” e nesa obra estaban proxectadas unhas cunetas a nivel de hormigón ou aglomerado e se fixeron mais baixas, son mais baratas pero tamén mais perigosas e o grupo PSOE quere saber porqué se cambiou o proxecto, onde foi os cartos aforrados e se o seu grupo pode ver a modificación do proxecto. O Sr. Caamaño intervén para dicir que poden acercarse a ver o proxecto xa que non hai modificación. O Sr. Couto sinala que a obra quedou feita unha chapuza a parte que as cunetas tiñan que haberse encofrado, etc é unha practica que xa vimos na Deputación el persoalmente, as mandou cambiar na zona de Cabancas e non ten sentido que se hai un proxecto non se faga ben.

- A Sra. Blanco di que o segundo non é unha pregunta, senón un agradecemento, que ela o 30 de setembro de 2022 presentou unha solicitude de información sobre a desafectación das antigas casas dos mestres, en outubro dese mesmo ano contestáronlle que xa llo darían porque era unha cousa moi antiga e o 22 de marzo de 2023 a Sra. Blanco fixo a solicitude á Valedora do Pobo quen admitiu a solicitude inmediatamente, o día 29 de marzo contestoulle a Valedora do Pobo dicíndolle que o admitia a trámite e o



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

día 30 de marzo chegoulle a ela o expediente dende o Concello. Manifesta a Sra. Blanco que se chega a saber isto houbera enviado antes a petición á Valedora do Pobo.

- Continua intervindo a Sra. Blanco Fidalgo falando sobre a filosofía dos Fondos de Transición Xusta que é a de aumentar o emprego por isto as 3 subvencións foron provisionalmente denegadas, ningunha delas era para aumentar o emprego. Indica a Sra. Blanco que segundo entendeu ela en publicacións do equipo de goberno en redes, o equipo de goberno xa da por perdidas as subvencións xa que en redes publicaron que ían a solicitar, outra vez, a subvencións para a depuradora. Insiste a Sra. Patricia en que a depuradora é fundamental pero non a ten que pagar só o Concello de Carral, teñen que entrar outras Administracións e os Fondos de Transición Xusta son por filosofía para crear economía e emprego e unha depuradora non crea nin actividade económica nin emprego. Dona Patricia, pon como exemplo a climatización piscina de Cerceda que crea mais actividade económica e emprego que unha depuradora. Insiste a Sra. Blanco en que a depuradora ten que ir, pero teñen que entrar a Xunta de Galicia e a Deputación, o Estado ou a Administración que sexa pero non meter os cartos que están destinados para a creación de emprego ou aumentar a actividade económica para a depuradora. Insiste a Sra. Fidalgo que ela quere a depuradora por encima de calquera cousa pero non a quere nesta subvención (Fondos de Transición).

- Pregunta a Sra. Blanco se se presentou algún proxecto para a subvención da Axencia Galega de Turismo para concello de menos de 10.000 habitantes e para cuxa solicitude remataba hoxe o prazo. Lee a Sra. Blanco o DOGA do 16 de febreiro onde se anuncia a mencionada subvención, que inclúe fomento e recuperación da accesibilidade e sinalización de recursos turísticos, lle viño a cabeza os Muíños de Batán; actuacións de embelecemento dos accesos aos recursos turísticos, recuperación e tratamento paisaxístico, actuacións de embelecemento dos bens declarados de interese cultural, poderíamos arranxar o entorno do Panteón; embelecemento de vías... pregunta senón había nada que presentar, que o importe máximo da subvención é de 30.000 euros. A señora Caridad contesta que non se presentou ningún proxecto, porque a técnica ADL considerou que non se cumpriran os requisitos e por iso non se pediu esta subvención. Dona Patricia di que non lle gusta que nun Pleno se acuse a un funcionario e que a decisión a toma un concelleiro e non a toma ningún funcionario nin o persoal laboral. Dona Mercedes di que eles fan caso aos técnicos.

O Alcalde di que o problema que había coa subvención era un problema de titularidade dos terreos, os Muíños de Batán non son de titularidade municipal. O Sr. Alcalde indicalle á Sra. Patricia que se quere poden falar coa técnica que levou esta subvención. Dona Patricia di que ela non ten que falar con ningún



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

técnico e que a decisión tómaa un concelleiro. O Alcalde di que se quere unha resposta que o solicite por escrito e se lle contestará.

- Intervén a Sra. Blanco para dicir que vai a facer a última pregunta en relación aos salarios do concelleiro Pablo Couto e a concelleira Lucía Vázquez que dende o mes de marzo de 2022 deixaron de cobrar e esas partidas non se aprobou ningún tipo de transferencia de crédito polo tanto, indica a Sra. Blanco, queren saber a onde se dirixiron eses cartos. O Sr. Alcalde dálle a palabra á Sra. Interventora quen indica que a liquidación do 2022 xa está cerrada e fíxose unha transferencia quedando na partida de persoal.

O Sr Alcalde concede a palabra ao Sr. Mouriño quen formula as seguintes preguntas:

- Intervén o Sr. Fernández Mouriño para preguntarlle ao Sr. Alcalde, en relación coa contestación que lle fixo á señora Duarte, cales son as dúas obras que tivo que pagar o goberno actual que foran do goberno anterior. O Alcalde contesta que llo presente por escrito e que se lle dirá cales foron esas obras, que agora non se acorda pero que si o Sr. Mouriño llo pide por escrito se lle contestará. O Sr. Fernández Mouriño continua dicindo que se o Sr. Alcalde o que non pode facer é dicir algo que non se acorda. Recorda o Sr. Fernández que son 13 veciños os que están sentados no Pleno e teñen certo privilexio como para poder preguntar ao Sr. Alcalde, non se lle vai a preguntar a data exacta de nada, sabemos que podemos presentar as preguntas por escrito pero estando no último pleno debería respectar aos outros 13 veciños. Se a oposición respecta o Sr. Alcalde debería respectar á oposición.

- Indica o Sr. Fernández que a obra do Río de Canle non coincide para nada co proxecto, non sabe o señor Fernández quen vai certificar esa obra e espera que o Sr. Alcalde non coaccione a ningún empregado municipal para certificar esa obra. O Alcalde di que o coñece moi pouco.

- Continúa o Sr. Fernández Mouriño dicindo que hai un intre lle preguntaban ao Sr. Alcalde que obras quedaron desertas e afirma que o Sr. Alcalde sabe de sobra cales son as obras que quedaron desertas porque tamén as sabe o Sr. Mouriño e incluso as debería coñecer o Sr. Couto que non hai tanto tempo que saíu do equipo de goberno e o partido popular votou a favor de todas as obras, priorizando unhas sobre outras, xa que o grupo do partido popular non cree que fora necesario invertir eses cartos na rúa Juan Seijas,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

xa que so era necesario arranxar o firme, pero espera o Sr. Mouriño que se cumpran todas as normas que require unha obra xa que de non ser así logo virán problemas.

- E en relación coa modificación puntual, indica o Sr. Fernández Mouriño que ninguén cuestiona o labor da empresa Hormigones Carral e nin ninguén cuestiona o labor que fai o grupo inversor Da Cunha, pero segundo o que acaba de explicar que se convocaron e comunicaron a todos os veciños de As Travesas e recalca o Sr. Fernández que había que ser mais ambicioso e que aos concelleiros da oposición non os convocou, polo menos convocar aos portavoces e explicarlles o que ían a facer, insiste o Sr. Mouriño no desprezo que fai o Sr. Alcalde aos concelleiros da oposición. E non sabemos se na modificación puntual número 4 están todos os veciños notificados e se o Concello é ambicioso, non só pedindo uns cartiños, repercutindo o beneficio nun só.

- O señor Mouriño conclue dicindo que este é o último pleno no que se poder formular rogos e preguntas, aínda que haberá outros plenos, pero conclue dicindo que non son só os 30.000 euros que se perderon dunha subvención, porque algún técnico considero que non era necesario, ou porque o río de Abelleira ou os Muíños de Batán non son públicos, coa cantidade de veces que investimos diñeiro aí, e que é unha zona de ENIL. E dáme pena, que nestes últimos 4 anos non houbera nin unha solicitude para facer ver as necesidades deste concello, como hai no resto. Ata o outro día en Cerceda co diñeiro pola central de Meirama, que o Concello de Cerceda linda co de Carral e ten dereito a eses fondos e que non vaia o Alcalde. Todos levaron algo, e nós pedimos 5 millóns de euros e non sabemos nin presentalos, e botarémolles a culpa aos técnicos. Don Jose Luís conclúe dicíndolle ao Alcalde que o aprecia como persoa, pero que como Alcalde levou unha gran decepción.

O Alcalde contesta que lle dá as grazas por estes 4 anos que foron tan felices cunha oposición como a súa.

Ás 21:33 horas, non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta 2/2023 que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

A SECRETARIA DO CONCELLO

Eva Jardón López



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es